

A pantasma divírtese

O xuíz deu a saída do medio maratón e os corredores saíron loitando desde o comezo polos primeiros postos.

Os participantes eran moitos, algúns chegados desde moi lonxe, incluso de países africanos.

Á cabeza ían Smith, Keita, Bihar, e tamén o español Rioxa, os catro eran figuras mundiais.

De súpeto, o dorsal 157 tropeza e cae ao chan, alguén do público berra o seu nome para animalo:

—Rioxa!

O resto do público corea:

—Rioxa! Rioxa!

O corredor púxose de pé deu uns pasos e volve caer.

Alguén di cruelmente: «Rioxa xa vai vello!».

Entón ocorreu!

Ocorreu a cousa máis estraña da historia das carreiras, Rioxa perdeu o seu dorsal, só que ese cacho de tea co número 157, non caeu ao chan!!

Quedou flotando no aire. E botou a correr!

Xa sabemos que as teas non corren pero aquela corría detrás dos corredores que ían en cabeza.

Adiantou a Keita, a Bihar, e continuou detrás de Smith.

Rioxa, estupefacto e chorando sentado no chan, seguía a traxectoria do seu dorsal que por fin adiantou a Smith. Despois diso revoloteou no aire xirando como se alguén o axitara sobre a súa cabeza. Só que ese alguén parecía invisible! A verdade era que alguén fixera todo iso, é posible que nunca saibamos o motivo pero o certo era que os dorsais non van por aí gañando carreiras. Ese alguén chamábase Xerardo Humberto Oliverio Taylor, e certamente era invisible.

Como é posible? Moi sinxelo.

Xerardo Humberto Oliverio era unha pantasma.

Manuel L. ALONSO

El fantasma novato

Edelvives (tradución e adaptación)

PREGUNTAS VOCABULARIO

1. Hai algún termo da lectura que descoñezas? De ser así, busca o seu significado nun dicionario.
2. Explica coas túas palabras o significado destas palabras:
 - (a) Maratón:
 - (b) Dorsal:

PREGUNTAS COMPRENSIÓN ESCRITA

1. A quen pertence o dorsal número 157?

2. Que nome recibe a carreira?

3. Ordena as seguintes oración segundo ocorran.

___ O dorsal número 157 botou a correr.

___ O xuíz dá a saída da carreira.

___ O público corea o nome do corredor español.

___ Rioxa cae ao chan.

___ O dorsal adiantou a Smith e gañou a carreira.

4. Que opinas de que cando Rioxa caeu alguén lle dixo que xa está vello para correr?

EXERCICIOS ORTOGRAFÍA

1. Logo de rematar a lectura, faremos un ditado dalgunha das partes da mesmo. Procuraremos que conteña as palabras máis interesantes a nivel ortográfico. Rematado o ditado, corrixémoslo e revisaremos os erros co neno ou nena.

2. A continuación, ditaremos unha serie de palabras, presentes na lectura, que o nenx deberá escribir nunha folla. Os termos presentarán algunha dificultade ortográfica (similitude de fonemas, acentos, maiúsculas, ...).

As palabras son:

- xuíz
- berra
- cabeza

- Rioxa
- máis (*especificar que é o adverbio. Mais = conxunción*)
- número
- estraña
- cabeza
- invisible
- saibamos (*explicar que o verbo saber, e todos os seus derivados, escríbense con b*)

Unha vez remate, puntuaremos o exercicio de 0 a 10, en función dos erros que tivera.

3. Outra variante sería facer unhas tiras de papel nas que estivesen escritas distintas oracións. Dobraríamos a tira de papel e o neno/a tería que escoller unha, memorizar a frase durante uns segundos e intentar escribila no seu caderno sen ningún erro ortográfico. Un exemplo sería:

é posible que nunca saibamos o motivo

O xuíz deu a saída do medio maratón e os corredores saíron loitando desde o comezo

Ocorreu a cousa máis estraña da historia das carreiras

Rioxa, estupefacto e chorando sentado no chan, seguía a traxectoria do seu dorsal

4. Nesta última actividade, presentamos dous columnas de parellas de palabras (unha escrita de forma correcta e outra incorrecta) e, auditivamente, damos ao neno/a unha palabra concreta. Deberá seleccionar a grafía correcta de entre o par de palabras:

Maratón	Matarón
Estupefaztos	Estupefactos
Pedreu	Perdeu
Certamente	Cetramente
Cabeza	Cabesa
Botou	Bolou
Dertás	Detrás
Chorando	Xorando
Axitara	Axitrara
Drosais	Dorsais
Parecía	Pracía